

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 24/02/2022**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

DONA LUCIA CESAR VELOSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 24/02/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de xaneiro de 2022.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xaneiro de 2022.

3. Toma de coñecemento da renuncia de D. Manuel Méndez Varela e D. Juan Marcos Alcalde Vázquez ao cargo de Concelleiros, xunto coa renuncia de Dona Noemi Agrelo Iglesias á toma de posesión como Concelleira, (integrantes todos da mesma candidatura do PP), correspondente ás eleccións municipais de 2019

4. Toma de coñecemento do informe de morosidade e período medio de pago, correspondente ao 4º trimestre/2021 do Concello e da Fundación de Deportes, ao abeiro do disposto na Lei 5/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

5. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional das Mulleres.

6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal Podemos Marea da Vila para instar ao Ministerio de Xustiza á creación do cuarto Xulgado en Vilagarcía.

8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Partido Popular de Aplicación de medidas demandadas pola veciñanza de A Laxe en materia de mantemento urbano, limpeza, seguridade viaria e posta en valor do patrimonio histórico-natural.

9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal Podemos Marea da Vila para mellora integral do Barrio de A Laxe.

10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común de creación dunha APP Municipal para a reserva de espazos deportivos.

11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Partido Popular de melloras na dotación de efectivos e prestación de servizos do Corpo Nacional de Policía en Vilagarcía.

12. Aprobación, se procede, da solicitude presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, relativa á comparecencia da 1ª Tenente de Alcalde.

13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

14. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

15. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

16. Quenda de rogos e preguntas formuladas polas persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE XANEIRO DE 2022.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación á acta de 27 de xaneiro de 2022.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21) a acta da sesión anterior, de data 27 de xaneiro de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO DE 2022:

Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Expediente de xeración de créditos por subvencións Deputación
- 2 Licenza tenza animais potencialmente perigosos
- 1 Remisión de expediente ao Xulgado por recurso contencioso
- 1 Aboamento servizos prestados en domingos, festivos e nocturnidade nómina xaneiro
- 2 Aboamento servizos noites Nadal
- 1 Concesión permiso sen soldo a profesor Conservatorio de Música
- 1 Concesión aprazamento devolución pago nómina
- 1 Designación Interventora en Funcións
- 1 Levantamento cautelar de reparo recoñecemento de obriga
- 1 Nomeamento tribunal, lista admitidos e data probas selección de persoal
- 1 Nomeamento vogal substituto en tribunal de selección de persoal
- 2 Ampliación de xornada por substitución de titular
- 2 Delegación de funcións da Alcaldía
- 3 Substitución posto de categoría superior
- 1 Sanción disciplinaria apercibimento por ausencia non xustificado do posto de traballo
- 2 Estimación/desestimación IVTM
- 25 Estimación/desestimación taxas e prezos públicos
- 1 Estimación pagos indebidos
- 6 Compensación de débedas
- 6 Estimativa de recibos
- 9 Estimación/desestimación liquidacións e baixas
- 1 Estimativa IBI
- 1 Estimativa bonificación IBI
- 2 Estimativa pagos duplicados
- 4 Rateo no IVTM
- 39 Estimación/desestimación beneficios fiscais no IVTM
- 5 Comisións bancarias
- 2 Xuros bancarios
- 6 Pago expedientes Intervención
- 5 Pago expedientes Tesourería
- 3 Pago préstamos
- 3 Comunicación cambio de titular de establecemento
- 6 Orde de execución malezas
- 1 Aprobación definitiva proxecto de urbanización

1 Pago anuncio BOP ou DOG
3 Reposición da legalidade urbanística
1 Corrección erro nomeamento arquitecta en resolución
2 Conformidade a proxecto de execución
1 Declaración de innecesiedade de licenza de segregación
1 Ineficacia de comunicación previa obras
9 Licenza para primeira ocupación e/ou acometida de auga e/ou saneamento
2 Licenza de obras de acometida á rede de canalización de gas
1 Desestimento expediente canalización rede eléctrica
1 Cambio de titularidade de licenza de obra
24 Comunicación previa obras
6 Licenza para obra maior
1 Inscrición de Asociación no Rexistro Municipal

TOTAL: 200

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D. MANUEL MÉNDEZ VARELA E D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ AO CARGO DE CONCELLEIROS, XUNTO COA RENUNCIA DE DONA NOEMI AGRELO IGLESIAS Á TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLERIA (INTEGRANTES TODOS DA MESMA CANDIDATURA DO PP), CORRESPONDENTE ÁS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 2019. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da a renuncia presentada o día 15 de febreiro de 2022, por D. Manuel Méndez Varela e D. Juan Marcos Alcalde Vázquez, concelleiros do grupo político municipal do PP, así como da integrante da lista Dona Noemí Agrelo Iglesias, que renuncia a tomar posesión do cargo de Concelleira.

1.-A Xunta Electoral Central ten reiteradamente declarado que de existir renuncias anticipadas, deben formularse as citadas renuncias á toma de posesión como concelleiro, mediante comparecencia persoal ante a Secretaria da Corporación, ou si se presenta con anterioridade a cobertura da presente vacante escrito de renuncia a tal condición, deberá ratificarse a devandita renuncia previa, por comparecencia persoal ante a Secretaria da Corporación.

Se por circunstancias excepcionais non poidera producirse esa comparecencia persoal ante a Secretaria, esta poderá utilizar outros medios de proba admitidos en Dereito que lle permitan acreditar o carácter voluntario e indubitado da renuncia anticipada, debendo comunicarse así á Xunta Electoral Central para expedir a credencial (Ac de 10 de maio de 2012 e 20 de marzo de 2014, entre outros).

2.-Ao amparo da Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre relevo de cargos representativos locais, débense poñer estas renuncias en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central aos efectos de proceder ao relevo conforme o disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da Corporación lle corresponde a vacante.

3.-O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que no caso de renuncia dun concelleiro, o escaño atribuírase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

Recibida a certificación da Corporación Local de toma de coñecemento das renuncias ao cargo representativo local, a Xunta Electoral expedirá a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á Corporación

Local da que forme parte.

A Corporación notificarásella ao interesado, de xeito fidedigno, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

4.-Vista a lista electoral da formación política "Partido Popular (PP)" presentada as eleccións municipais de 26 de maio de 2019, sendo ésta á que pertencen todos os renunciante citados, estimase que lle corresponde sustituílos a:

- Dona María Inmaculada Díez Villarroya, que figura no posto número 10.
- D. Raul Santamaría González, que figura no posto número 12

A Comisión queda sabedora das renuncias citadas e ditamina que se solicite á Xunta Electoral Central a expedición das credenciais de concelleiros/as a favor de Dona Maria Inmaculada Díez Villarroya e D. Raúl Santamaría González.

O Concello Pleno toma razón da renuncia de D. Manuel Méndez Varela, D. Juan Marcos Alcalde Vázquez, ambos concelleiros, e Dona Noemi Agrelo Iglesias, que renuncia a tomar posesión do cargo de concelleira, e solicita da Xunta Electoral Central que se leven a cabo los trámites oportunos para o relevo dos Sres. citados, por Dona Maria Inmaculada Díez Villarroya e D. Raul Santamaría González, remitindo a esta Corporación as credenciais como tales.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE/2021 DO CONCELLO E DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI 5/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do cuarto trimestre de 2021, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.775.878,94	410.613,35
Investimentos reais	994.033,90	59.175,23
Outros pagos realizados por operacións comerciais	396,00	517,00
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	2.770.308,84	470.305,58

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.428.865,61	111.812,32
Investimentos reais	352.328,80	21.032,27
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a Orzamento	497.078,20	43.906,35
TOTAL	2.278.272,61	176.750,94

Período medio de pago:44,15 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	104.674,56	
Investimentos reais	16.698,05	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	121.372,61	

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	60.186,87	26,62
Investimentos reais	75.262,68	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento		
TOTAL	135.449,55	26,62

Período medio de pago: 33,90 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 24 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER POLO 8M - 2022, do seguinte teor:

Outro 8M, atopámonos para amosar o compromiso pola igualdade das principais organizacións políticas e sociais de Vilagarcía representadas no Consello Local da Muller. Facémolo ademais coa esperanza de que este acto serva de peche simbólico a dous anos tan difíciles como os que supuxo a COVID19.

Agora que vemos máis cerca a fin da pandemia, queremos poñer en valor esas leccións que nos deixou a COVID19 e insistir na necesidade de que non caian en saco roto. En primeiro lugar, reiteramos o noso agradecemento ao persoal sanitario, das residencias, da atención do fogar, do sector da alimentación, do mar e do agro e de tantas persoas que se mantiveron activas cando tivemos que confinarnos. Moitas de vós sodes mulleres ás que queremos dicirvos que sodes esenciais. Pedimos que a vosa labor non sexa só recoñecida socialmente, senón con condicións laborais dignas.

Tamén queremos salientar o papel do colectivo e do sentido comunitario para conter os efectos da pandemia. As redes polas que sempre apostamos dende o feminismo e sobre as que debemos seguir traballando para que sexan cada vez máis extensas e non deixen sen cobertura a ningunha persoa.

Sabemos que as violencias machistas fan do fogar un espazo hostil para moitas mulleres, algo que se agravou durante a pandemia. Dende as institucións debemos acompañar e habilitar ferramentas que faciliten ás mulleres crear alternativas de vida para saír das violencias machistas. É preciso garantir dúas cuestións fundamentais como son traballo e teito.

A pandemia amosounos que a precariedade fainos vulnerables de maneira individual, pero tamén como sociedade. Sabemos que esa precariedade ten, maioritariamente, faciana de muller e, a miúdo, de muller nai de familia monomarental. E isto non son frases feitas, son cifras:

A pesar de que o desemprego se reduciu en máis de 300.000 mulleres durante o 2021, as mulleres seguen sendo maioría entre as persoas desempregadas: hai 203.400 máis desempregadas que desempregados. As mulleres supoñen o 53,30% de quen leva de 1 a 2 anos en situación de desemprego e o 59,03% de quen leva 2 anos ou máis. E 3 de cada 4 empregos a tempo parcial seguen sendo desempeñados por traballadoras.

Sabemos que existen mulleres cuxas vidas están atravesadas das múltiples discriminacións da raza, orientación sexual, identidade de xénero, idade, cultura, discapacidade, diversidade, etc. Non acadaremos unha sociedade igualitaria mentres estas distintas realidade supoñan un motivo de discriminación para as mulleres.

Como mulleres e como galegas queremos manifestar a nosa admiración e compromiso coas mulleres que loitaron e coas que loitan, hoxe representadas polas mulleres da conserva, mobilizadas e convocando folgas para acadar convenios dignos para as súas labores.

O da conserva é un sector industrial cuxo convenio ten condicións máis precarias que outros sectores da industria, e isto só polo feito de que as traballadoras son, na súa gran maioría, mulleres. Dentro do propio sector as mulleres desempeñan os traballos máis duros e peor pagados e os postos de responsabilidade e mellor remunerados recaen en homes. Os beneficios empresariais non poden ser a costa de precarizar ás traballadoras.

Reivindicamos ademais unha concepción feminista da vida laboral. Isto é condicións salariais dignas e medidas de conciliación. Corresponsabilidade e reparto das tarefas de coidados. Os homes non axudan na casa, os homes teñen a mesma responsabilidade que nosoutas.

Un dos motivos da precarización do emprego feminino é que sempre se considerou un emprego complementario ao dos maridos. Dicimos ben alto que os nosos traballos non son complementarios, que as nosas vidas non son complementarias.

En 1995 tivo lugar a Conferencia internacional de Beijing que supuxo un punto de inflexión ao berro de "Os dereitos das mulleres son dereitos humanos!". Ese clamor foi escoitado e respondido, pero, sen embargo, cando esa axenda pola igualdade non está terminada, advertimos que hai risco de regresión e rexorden narrativas en contra a igualdade de xénero baseadas na discriminación de séculos. Os dereitos das mulleres non son negociables. Non poden estar suxeitos a unha política opcional dependente dos ventos cambiantes da política. Debemos resistir todos os desafíos e a afirmación gañada con tanto esforzo do que sabemos: Que os dereitos das mulleres son dereitos humanos. E que estes dereitos deben ser para todas as mulleres, na súa universalidade plena e libre.

Queremos plenitude de dereitos para vidas en plenitude.

Por último, dende o Consello Local da Muller solicitamos á Corporación Municipal que apoie este Manifesto traballando para facer realidade as propostas que nel se fan a nivel do local e que se sume a participar na súa lectura no acto do vindeiro 08 de Marzo ás 12,00h.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais presentes na Comisión Informativa, infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE Aprobado o Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=5>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:
Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día. Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Solicitud de Intervención do representante dos traballadores do Xulgado, Pablo Valeiros Rios para expoñer o contido da moción do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para instar ao Ministerio de Xustiza á creación dun cuarto Xulgado en Vilagarcía.
- Solicitud de intervención do representante da Asociación Contra Vento e Marea de A Laxe, Diego Dasilva Fructuoso para expoñer o contido da moción do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a mellora íntegra do barrio de A Laxe.

Polo Sr. Alcalde procédese a modificar a orde do día do Pleno, pasando a trtarse a continuación os asuntos que figuran na orde do día cos números 9, 10 e 11.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=6>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PODEMOS MAREA DA VILA PARA INSTAR AO MINISTERIO DE XUSTIZA Á CREACIÓN DU CUARTO XULGADO EN VILAGARCÍA: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 24 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 15 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de febreiro, a seguinte moción:
MOCIÓN PARA INSTAR AO MINISTERIO DE XUSTIZA Á CREACIÓN DUN CUARTO XULGADO EN VILAGARCÍA.

A necesidade de creación dun cuarto xulgado en Vilagarcía de Arousa é unha demanda que se remonta ao ano 2007 e incluso foi motivo de mobilizacións e dun acordo unánime da corporación municipal en abril 2010, durante o mandato de Dolores García. Finalmente. A grave crise económica e os recortes nas administracións fixeron que o ansiado cuarto xulgado non chegara. Máis dunha década despois a situación non mellorou, senón que é aínda máis extrema. O propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia incluía na súa memoria anual do 2020:

"La Sala de Gobierno del TSXG consideró necesarias en el pleno celebrado el 26 de febrero de 2021, por este orden, la creación de las siguientes unidades: el Juzgado de lo Mercantil número 3 de A Coruña, una plaza más de magistrado de la orden civil en las Audiencias de Lugo y Ourense, un nuevo Juzgado de lo Social en Ferrol, un Juzgado de Primera Instancia en A Coruña y otro en Vigo y una plaza más de magistrado de la orden penitenciaria en las Audiencias Provinciales de A Coruña y Pontevedra, así como la puesta en marcha de nuevos juzgados mixtos en las localidades de Viveiro, Vilagarcía, Ribeira y Carballo. De estas unidades, que son las que se consideran necesarias para Galicia, se priorizaron en la propuesta elevada al Ministerio de Justicia las que tienen mayor carga de trabajo y cuya pendencia es más elevada."

A pesar disto, as esperanzas víronse novamente frustradas cando a Comisión Mixta de Xustiza de Galicia, ante o límite de xulgados que se poden crear, solicitou a creación dunha nova sala do Mercantil en A Coruña e dúas prazas de maxistrado en Lugo e Ourense. Iso a pesar de recoñecer o volume de traballo soportado nos xulgados de Vilagarcía que a converten nunha das 10 vilas galegas onde máis urxe reforzar a infraestrutura xudicial.

O que nos din as cifras é que, por exemplo, as comunicacións en Vilagarcía rondan as 3.500 por sala, mil máis que nas catro salas cambadesas. As salas vilagarcías prestan servizo a 56.067 habitantes fronte 56.384 de Cambados, do que resultan 767 persoas

máis pero cunha sala a maiores. E Vilagarcía chegou á cifra de 2.504 trámites por resolver ao termo do ano 2020. Os xulgados nº 1 e 2 teñen un seguimento do Consello Xeral do Poder Xudicial como consecuencia das pendencia acumulada. Son obxecto de seguimento:

No nº 1 as demandas civís pendentes de incoar e asuntos penais pendentes de incoar tamén.

No nº 2 as demandas pendentes de incoar, declarativos, xurisdición voluntaria, monitorios e escritos civís pendentes de proveído.

Os xulgados de Vilagarcía reciben máis de 18.000 escritos civís e 7680 ao ano números absolutamente inviables e que fan imposible exercer un servizo público de calidade. Vilagarcía case triplica os módulos anuais marcados polo propio Consello do Poder Xudicial.

Outra cuestión é a falta de capacidade para a ampliación e o deterioro do actual edificio, que sofre falta de mantemento e precisaría dunha intervención para corrixir diferentes as diferentes eivas. Unha cuarta sala precisaría dun novo edificio ou fórmulas para resolver a ampliación do actual cara a parcela adxacente. En todo caso, é a o Ministerio de Xustiza a quen lle corresponde avaliar a dispoñibilidade das instalacións públicas existentes ou se é preciso explorar alternativas porque ningunha cumpra coas condicións precisas.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Que o Concello de Vilagarcía de Arousa inste á Comisión Mixta de Xustiza de Galicia (integrada pola Xunta de Galicia e o TSXG) a:

1. Incluir a creación dun cuarto xulgado en Vilagarcía de Arousa na solicitude ao Ministerio de Xustiza de novas unidades xudiciais en Galicia.

Que o Concello de Vilagarcía de Arousa inste á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado para no exercicio das súas competencias:

1. Crear un cuarto xulgado en Vilagarcía de Arousa a instalar nunha localización que resulte axeitada baixo criterios de accesibilidade, operatividade e eficiencia.

2. Dotar o cuarto xulgado de Vilagarcía dos medios materiais e humanos precisos.

3. Revisar o estado do edificio que alberga os actuais xulgados de Vilagarcía de Arousa co obxecto de corrixir as deficiencias detectadas e de mellorar as instalacións e os seus equipamentos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para instar ao Ministerio de Xustiza á creación de un cuarto Xulgado en Vilagarcía.

- A continuación intervén D. Pablo Valeiras Ríos, en representación dos traballadores do Xulgado.

Polo grupo político municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda de adición:

- Instar á Xunta de Galicia a negociar co Goberno do Estado a posta a disposición dos terreos anexos aos edificios dos actuais Xulgados para a construción e creación do 4º Xulgado.

- Polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila aceptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), Podemos-Marea da Vila (1), Vilagarcía en Común (1) e Ciudadanos (1), e tres abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (3)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, xunto coa emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, e:

Primeiro: Instar á Comisión Mixta de Xustiza de Galicia (integrada pola Xunta de Galicia e o TSXG) a:

1. Incluír a creación dun cuarto xulgado en Vilagarcía de Arousa na solicitude ao Ministerio de Xustiza de novas unidades xudiciais en Galicia.

Que o Concello de Vilagarcía de Arousa inste á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado para no exercicio das súas competencias:

1.Crear un cuarto xulgado en Vilagarcía de Arousa a instalar nunha localización que resulte axeitada baixo criterios de accesibilidade, operatividade e eficiencia.

2.Dotar o cuarto xulgado de Vilagarcía dos medios materiais e humanos precisos.

3.Revisar o estado do edificio que alberga os actuais xulgados de Vilagarcía de Arousa co obxecto de corrixir as deficiencias detectadas e de mellorar as instalacións e os seus equipamentos.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a negociar co Goberno do Estado a posta a disposición dos terreos anexos aos edificios dos actuais Xulgados para a construción e creación do 4º Xulgado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PARTIDO POPULAR DE APLICACIÓN DE MEDIDAS DEMANDADAS POLA VECIÑANZA DE A LAXE EN MATERIA DE MANTEMENTO URBANO, LIMPEZA, SEGURIDADE VIARIA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTÓRICO-NATURAL.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 15 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 24 de febreiro de 2022 a seguinte MOCIÓN:

Aplicación de medidas demandadas pola veciñanza de A Laxe en materia de mantemento urbano, limpeza, seguridade viaria e posta en valor do patrimonio histórico-natural

EXPOÑEN

A veciñanza de A Laxe leva tempo manifestando o seu descontento no que se refire á atención que recibe por parte do Concello de Vilagarcía en canto á prestación de servizos que son de competencia municipal. Unha prestación de servizos que o Concello ten a obrigaón de cumprir en todo o termo municipal e que, no caso deste barrio, presenta unha serie de deficiencias en diversas materias.

Por poñer algúns exemplos achegados pola propia veciñanza de A Laxe, poderían destacarse: a escaseza de iluminación en determinados puntos, a escaseza de servizos de recollida de lixo ou a falta de mantemento dos espazos públicos, como no caso do parque infantil, que incumpre as debidas medidas de seguridade no seus elementos deteriorados.

Á parte destas deficiencias, a veciñanza de A Laxe reclama unha mellor e maior interlocución entre o Concello e a propia veciñanza de cara non só a poder resolver os problemas que poidan xurdir na prestación dos servizos municipais, senón tamén á hora de facer propostas de mellora.

Neste sentido, a veciñanza do lugar expón unha serie de demandas como son a aplicación de medidas de acougado do tráfico e a posta en valor do seu patrimonio histórico-natural (como son as fontes ou o Miradoiro de Montexaquín). Unhas demandas que, de ser atendidas, mellorarían indubidablemente a seguridade e a calidade de vida da veciñanza e contribuirían de maneira notable á posta en valor dun lugar dotado dun increíble potencial dentro do noso municipio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar ao Concello de Vilagarcía a aplicar as seguintes medidas propostas e consensuadas coa veciñanza de A Laxe:

1. Mellorar o servizo de recollida do lixo (especialmente nos voluminosos) mediante o aumento das frecuencias e a instalación dun colector de vidro.
2. Arranxar de xeito inmediato as eivas que presenta actualmente o parque infantil en materia de seguridade e, a longo prazo, estudar conxuntamente coa veciñanza as potencialidades dese espazo de cara a un mellor aproveitamento no futuro.
3. Arranxar o valado de madeira no acceso ao Miradoiro de Montexaquín e estudar o mellor xeito de poñer en valor este espazo como enclave de atractivo turístico.
4. Revisar a instalación luminosa das rúas, mellorando o alumeadado xa existente e dotando de iluminación a aqueles espazos que carezan del e o precisen para garantir a seguridade da cidadanía.
5. Aplicar as medidas que, conforme ao criterio da Policía Local, sexan consideradas máis efectivas para conseguir un acougado do tráfico e garantir a seguridade viaria de vehículos e peóns na Rúa da Canteira.
6. Estender a rede de saneamento municipal a todos os domicilios que aínda continúen sen acceso a este servizo, como no caso daqueles ubicados na Rúa Quintero da Laxe.
7. Establecer canles de comunicación efectivas entre o Concello e as asociacións veciñais co obxectivo de mellorar o acondicionamento do Centro Cultural e estudar a dinamización da súa actividade, así como unha maior implicación da administración nas festas parroquiais. ?
8. Estudar a posibilidade de recuperar as antigas fontes situadas na Rúa Arealonga e mellorar a seguridade na contorna (especialmente nos puntos máis próximos ao rego).
9. Revisar e arranxar o pavimento de adoquines ao longo da Rúa Quintero da Laxe e no seu cruce coa Rúa Charca.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Podemos-Marea da Vila

informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP de aplicación de medidas demandadas pola veciñanza en A Laxe en materia de mantemento urbano, limpeza, seguridade viaria e posta en valor do patrimonio histórico-natural.

- Procédese a realizar o debate conxunto dos puntos 10 e 11 da orde o día da presente sesión.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e aplicar as seguintes medidas propostas e consensuadas coa veciñanza de A Laxe:

1. Mellorar o servizo de recollida do lixo (especialmente nos voluminosos) mediante o aumento das frecuencias e a instalación dun colector de vidro.
2. Arranxar de xeito inmediato as eivas que presenta actualmente o parque infantil en materia de seguridade e, a longo prazo, estudar conxuntamente coa veciñanza as potencialidades dese espazo de cara a un mellor aproveitamento no futuro.
3. Arranxar o valado de madeira no acceso ao Miradoiro de Montexaquín e estudar o mellor xeito de poñer en valor este espazo como enclave de atractivo turístico.
4. Revisar a instalación luminosa das rúas, mellorando o alumeado xa existente e dotando de iluminación a aqueles espazos que carezan del e o precisen para garantir a seguridade da cidadanía.
5. Aplicar as medidas que, conforme ao criterio da Policía Local, sexan consideradas máis efectivas para conseguir un acougado do tráfico e garantir a seguridade viaria de vehículos e peóns na Rúa da Canteira.
6. Estender a rede de saneamento municipal a todos os domicilios que aínda continúen sen acceso a este servizo, como no caso daqueles ubicados na Rúa Quintero da Laxe.
7. Establecer canles de comunicación efectivas entre o Concello e as asociacións veciñais co obxectivo de mellorar o acondicionamento do Centro Cultural e estudar a dinamización da súa actividade, así como unha maior implicación da administración nas festas parroquiais. ?
8. Estudar a posibilidade de recuperar as antigas fontes situadas na Rúa Arealonga e mellorar a seguridade na contorna (especialmente nos puntos máis próximos ao rego).
9. Revisar e arranxar o pavimento de adoquines ao longo da Rúa Quintero da Laxe e no seu cruce coa Rúa Charca.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PODEMOS MAREA DA VILA PARA MELLORA INTEGRAL DO BARRIO DE A LAXE: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 15 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de

Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de febreiro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A MELLORA INTEGRAL DO BARRIO DE A LAXE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Laxe é un lugar da parroquia de Arealonga no Concello de Vilagarcía. A pesar da súa proximidade ao centro urbano, trátase dun barrio de características rurais, cunha comunidade veciñal con identidade propia e arraigada. Nos últimos anos, A Laxe está a vivir a recuperación de actividades e tradicións, como pode ser a celebración das Festas de Santa Marta tras 26 anos sen celebrarse, a raíz da reorganización de colectivos veciñais como son a Asociación Santa Marta e Contra Vento e Marea. Isto debería ser un motivo de celebración por parte da corporación, posto que ter un tecido veciñal vivo redonda na dinamización e mellora dos nosos barrios e parroquias. Sen embargo, dende estes colectivos veciñais, denunciaron o pasado mes de setembro a falta de colaboración por parte do Concello durante a organización Festas de Santa Marta. É fundamental que o Concello de Vilagarcía asuma o seu papel de institución facilitadora e de acompañamento do desenrolo de eventos por parte da veciñanza.

Ademais, os colectivos levan tempo denunciando o abandono de A Laxe, que se reflicte en múltiples eivas e mal estado de elementos cuxo bo funcionamento é imprescindible para o desenrolo da vida cotiá da veciñanza. É tal a cantidade de desperfectos detectados, que sería oportuno realizar unha revisión a fondo para poder abordar a súa resolución a través dun plan integral que estableza prioridades que ir corrixindo en relación á urxencia, ata conseguir solucionarlos no seu conxunto. O deterioro do parque infantil con elementos como o tobogán caído no chan, as deficiencias do alumeadado, o estado do entorno do campo da festa, a perigosidade da varanda do mirador, estradas levantadas e destrozo de elementos viarios como os "badéns", falta de sinalización das rúas, vertedoiros ilegais que se veñen denunciando dende o 2011, contedores insuficientes, fontes que non funcionan, falta de limpeza e rozas por parte do Concello, etc.

Outra cuestión é o deterioro do local social onde desenvolven as súas actividades colectivos como Contra Vento e Marea que, a diferenza dos locais de outras parroquias, é de propiedade veciñal e non do Concello. Sería importante atopar fórmulas de colaboración que facilitasen o seu mantemento en función da actividade que se está a manter nestes momentos.

Hai que sinalar ademais a necesidade de revisar a mobilidade e seguridade viaria debido á situación derivada das últimas obras realizadas polo Concello, que provocan que parte da veciñanza opte por vías alternativas nas proximidades para evitar o centro. O problema é que estas vías, moitas veces, carecen de beirarrúas e das condicións idóneas para o importante aumento da circulación que se vén detectando.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar ao Goberno Local a:

- 1.Elaborar un plan integral para detectar e corrixir as eivas actuais de A Laxe establecendo prioridades co fin de programar as distintas actuacións segundo a súa urxencia.
- 2.A renovación dos xogos e elementos do parque infantil para que presente unhas características acordes ás doutros parques de Vilagarcía.
- 3.Solicitar un informe á policía local no que se valore a situación actual do tráfico co fin de establecer posibles accións inmediatas á espera da revisión global da mobilidade a través do PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible).
- 4.O compromiso para ver fórmulas que faciliten o acondicionamento e mantemento do local social de A Laxe.
- 5.Manter unha actitude de colaboración coas colectivos na organización das festas de Santa Marta.
- 6.Habilitar partidas orzamentarias, ben con fondos propios ou subvencións doutras administracións, para a realización destas accións.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común e

Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para mellora integral do Barrio de A Laxe.

- A seguir intervén D. Diego Dasilva Fructuoso en representación da Asociación Contra Vento e marea de A Laxe.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:

- 1.Elaborar un plan integral para detectar e corrixir as eivas actuais de A Laxe establecendo prioridades co fin de programar as distintas actuacións segundo a súa urxencia.
- 2.A renovación dos xogos e elementos do parque infantil para que presente unhas características acordes ás doutros parques de Vilagarcía.
- 3.Solicitar un informe á policía local no que se valore a situación actual do tráfico co fin de establecer posibles accións inmediatas á espera da revisión global da mobilidade a través do PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible).
- 4.O compromiso para ver fórmulas que faciliten o acondicionamento e mantemento do local social de A Laxe.
- 5.Manter unha actitude de colaboración coas colectivos na organización das festas de Santa Marta.
- 6.Habilitar partidas orzamentarias, ben con fondos propios ou subvencións doutras administracións, para a realización destas accións.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, SOBRE A CREACIÓN DUNHA APP MUNICIPAL PARA A RESERVA DE ESPAZOS DEPORTIVOS. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 24 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 28 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Manuel Fajardo Recousó, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción APP reserva de espazos deportivos

Exposición de Motivos.

Vilagarcía é unha cidade dinámica cunha poboación activa cultural e deportivamente falando, así son centenaes se non milleiros as fichas federativas en moitos deportes, grazas o enorme esforzo dos clubs do noso concello, que teñen colocado a Vilagarcía como referencia en canto a clubs deportivos se refire.

Este clubs xestionan a través da fundación de deportes a cesión de espazos para a realización de encontros e adestramento, pero en Vilagarcía son moitos tamén os que realizan deportes por libre de forma non federada, tanto individuais como colectivos.

O noso concello ten numerosas instalación deportivas, moitas infrautilizadas en horarios e tempadas nas que non son utilizadas polos clubs ou as actividades da fundación, o fomento da

práctica deportiva contribúe a mellorar as condicións de vida do conxunto da poboación, polo que debemos facilitar o acceso aos lugares onde se poden realizar actividades deportivas. Actualmente unicamente existe un mecanismo para a reserva de espazos nos centros deportivos municipais, a través da xestión directa ou telefónica coa fundación de deportes, esta xestión con leva en moitos casos a dificultade de coñecer que espazos están dispoñibles e sobre todo anticipar en exceso a solicitude, cando en moitos casos o deporte non federado xurde dun día para outro, ou con poucas horas de antelación.

Compre polo tanto adaptarse a sociedade dixital, mellorar e facilitar a reserva de espazos, como se está a facer en numerosos concellos, incluso con menos recursos que os nosos, por iso propoñemos ao pleno da corporación que aprobe a creación dunha app e web municipal de reserva online de espazos deportivos, dende onde se poida coñecer en tempo real, os horarios e espazos dispoñibles en cada momento, e se poida reservar e pagar a reserva en minutos dunha forma sinxela. Hoxe que todo se pode, ou se obriga, a facer desta forma non ten sentido que o concello non teña habilitado algún mecanismo similar que permita mellorar o acceso aos nosos espazos deportivos.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

O Concello de Vilagarcía acorda

Primeiro.- Crear, no menor tempo posible, unha web e aplicación móbil, que permita reservar os espazos deportivos municipais en tempo real, de tal forma que na mesma aplicación se poida coñecer a dispoñibilidade horaria de cada infraestrutura deportiva do noso concello.

Segundo. Estudiar que outras materias, culturais ou de contacto con responsables municipais poden ser habilitadas mediante mecanismos similares.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre a creación dunha app municipal para a reserva de espazos deportivos.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, e:

Primeiro.- Crear, no menor tempo posible, unha web e aplicación móbil, que permita reservar os espazos deportivos municipais en tempo real, de tal forma que na mesma aplicación se poida coñecer a dispoñibilidade horaria de cada infraestrutura deportiva do noso concello.

Segundo. Estudiar que outras materias, culturais ou de contacto con responsables municipais poden ser habilitadas mediante mecanismos similares.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PARTIDO POPULAR DE MELLORAS NA DOTACIÓN DE EFECTIVOS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CORPO NACIONAL DE POLICÍA EN VILAGARCÍA: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 24 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 15 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 24 de febreiro de 2022 a seguinte MOCIÓN:

Melloras na dotación de efectivos e prestación de servizos do Corpo Nacional de Policía en Vilagarcía

EXPOÑEN

Vilagarcía de Arousa é, en calidade de capital da comarca do Salnés e en correspondencia á súa relevancia poboacional e administrativa, a única poboación desta comarca que dispón simultaneamente dunha comisaría da Policía Nacional, un cuartel da Garda Civil e un servizo de Policía Local. Con todo, durante os últimos anos véñse producindo un progresivo recorte no que se refire tanto ao número de efectivos como á cantidade de servizos prestados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado presentes no noso municipio.

No caso da Policía Nacional, o déficit de axentes dispoñibles converteuse no principal problema que afecta á comisaría de Vilagarcía. Posto que, segundo os propios profesionais deste corpo, a cantidade de efectivos actualmente destinados a esta comisaría é moi inferior á que debería para poder garantir unha eficaz prestación dos servizos e das tarefas que ten encomendada a Policía Nacional.

De feito, esta situación derivou paulatinamente na necesidade de aplicar medidas de reestruturación de persoal e recorte de horarios de atención ao público motivadas precisamente pola imposibilidade de facer fronte a todas esas obrigacións que legalmente corresponden a este corpo cun número tan limitado de axentes.

Diversos colectivos sindicais vinculados ao Corpo Nacional de Policía levan anos denunciando esta situación sen obter a debida resposta por parte da administración da que dependen: o Goberno da Nación.

Máis ben todo o contrario, posto que hai tan só uns días fíxose pública a proposta do Ministerio do Interior para a provisión de postos de traballo nos diferentes persoais da Policía Nacional de España en 2022 e nela non hai prevista provisión adicional algunha para a comisaría vilagarcía.

Polo que, se esta proposta segue adiante e se fai definitiva, a comisaría da Policía Nacional de Vilagarcía converterase na única de Galicia que non terá nin un só axente novo nesta última convocatoria. Mesmo malia ese déficit de efectivos constatado anteriormente.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Que o Concello de Vilagarcía solicite ó Goberno de España a modificación da proposta realizada a través do Ministerio do Interior para a provisión de postos de traballo no persoal da Policía Nacional de Vilagarcía en 2022, de modo que a comisaría desta cidade poida dispoñer das provisións de axentes que sexan necesarias para garantir unha eficaz prestación dos servizos e das tarefas que ten legalmente encomendadas o Corpo Nacional de Policía.

2. Que o Concello de Vilagarcía solicite ó Goberno de España a dotación de máis efectivos, a cobertura das vacantes e o aumento da porcentaxe de reposición na comisaría da Policía Nacional de Vilagarcía.

3. Que o Concello de Vilagarcía manifieste o seu apoio sen fisuras á labor das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e defenda que dispoñan dos medios materiais adecuados para o desempeño da súa labor.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada

polo grupo político municipal do PP de melloras na dotación de efectivos e prestación de servizos do Corpo Nacional de Policía en Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (3), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e doce abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Solicitar ó Goberno de España a modificación da proposta realizada a través do Ministerio do Interior para a provisión de postos de traballo no persoal da Policía Nacional de Vilagarcía en 2022, de modo que a comisaría desta cidade poida dispoñer das provisións de axentes que sexan necesarias para garantir unha eficaz prestación dos servizos e das tarefas que ten legalmente encomendadas o Corpo Nacional de Policía.
2. Solicitar ó Goberno de España a dotación de máis efectivos, a cobertura das vacantes e o aumento da porcentaxe de reposición na comisaría da Policía Nacional de Vilagarcía.
3. Manifestar o apoio sen fisuras á labor das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e defensa que dispoñan dos medios materiais adecuados para o desempeño da súa labor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, RELATIVA Á COMPARECENCIA DA 1ª TENENTE DE ALCALDE:

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 8 de febreiro de 2022, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Mnuel Fajardo Recousó, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Solicitude de comparecencia da primeira tenente de alcalde, Tania García Sanmartín .

Durante o pleno celebrado o pasado 13 de xaneiro, a voceira do grupo de Goberno informou da existencia e posterior remisión a Xunta de Galicia no mes de xuño, dun informe de tráfico que validaba, en termos de tráfico, a ubicación do novo centro de saúde nos terreos da actual comandancia, tendo en conta o afirmado pola consellería durante esta semana, onde se expresa a inexistencia de dita comunicación, parece que estamos ante o nacemento do Watercomandacia, polo que compre dar luz sobre o realmente acontecido.

En que data foi remitido o informe da policía local a Consellería de Sanidade, de ser así pode achegar xustificante da remisión do mesmo?

Cree o goberno local que o informe entregado ao conxunto da oposición o pasado 1 de febreiro é asimilable ao estudio de mobilidade que require o convenio coa administración autonómica?

Vai ser a súa forma de relación coa oposición, mentir en pleno ou publicamente, sobre informes que, ou non existen como o caso da praza de abastos, ou non foron remitidos a onde se dixo coma neste caso?

Cree vostede que está en condicións de garantir que se cumpra o convenio neste punto?

Pode supoñer este desencontro entre ambas administracións un problema para execución do centro de saúde?

Que papel está a xogar en este tema, a concelleira delegada de Sanidade, tiña coñecemento esta concelleira do informe e a súa situación?

Vai realizar o goberno local un estudo de mobilidade sobre ese espazo?

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

Por unanimidade das persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais presentes na Comisión Informativa informase favorablemente a comparecencia da 1ª Tenente de Alcalde Dona Tania García Sanmartín na próxima sesión plenaria.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21),
ACÓRDASE: aprobar a comparecencia da 1ª Tenente de Alcalde Dona Tania García Sanmartín.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte do Sr. Alcalde procedese a responder preguntas formuladas no pleno anterior celebrado o día 27 de xaneiro de 2022.

A seguir, por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

As preguntas formuladas contestaranse no próximo pleno ordinario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas asistentes como público fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220224&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.